

I FORO RIO MINHO TRANSFRONTEIRIZO – VALENÇA 21/06/2018

CONCLUSIÓN MESA 2 “REDES DE GOBERNANZA”

MESA 2: REDES DE GOBERNANZA

RELATORA: SANDRINA ANTUNES

Obxectivos da mesa:

1. Falar sobre o potencial do territorio, no que a sociedade debe ser incluída na gobernanza do mesmo, rentabilizando recursos, ideas, obxectivos, etc.
2. Resaltar a necesidade da participación por parte de todos os actores
3. A relevancia de informar sobre o que se quere facer e de forma organizada
4. Integrar aos actores, sempre tendo en conta á sociedade civil
5. A importancia da coordinación como elemento fundamental para a gobernanza

o Temas tratados:

- Coordinación horizontal: o papel relevante do Internet, das webs, das newsletters e a realización de reunións “brainstorming”
- Coordinación vertical: a necesidade de coordinar diferentes niveis de xerencia mantendo un contacto permanente con fontes de información (en Bruxelas). Hai que intentar crear unha representación continua nos centros de decisión europeos a medio prazo (púxose como exemplo o caso da CIM Centro de Portugal)
- Houbo unha interesante reflexión na que se indicou que autoridades locais sen competencias concretas en determinadas materias, mais con recursos, poden obter grandes resultados en aspectos relacionados coa gobernanza
- Falta de vinculación entre a teoría e a práctica, en xeral, e da existencia dun cortoplacismo evidente no que o obxectivo é a obtención de fondos pero que logo os proxectos desaparecen
- Necesidade de achegar información previamente ás reunións “brainstorming” e a idea dunha posible unión de AECT’s para acudir con forza a Bruxelas
- Contar máis coas persoas e modos de achegarse a elas (enquisas, contactos directos, etc.). Importancia de estimular a participación da xente neste tipo de procesos
- A importancia de saber vender as ideas e favorecer a vinculación e garantizando o compromiso dos socios
- Falouse dos eslabóns perdidos, da falta de conexión entre a Universidade e a xente, principalmente nun territorio rural coma o do río Minho e a necesidade de ter en conta á poboación rural
- Unha problemática da Eurorexión é que a xente non se coñece e tamén que hai traballos previos sobre o territorio pero que non son coñecidos na maioría dos casos
- Destacouse a necesidade de non competir senón colaborar e aproveitar os 3 niveis existentes (Galicia-Norte de Portugal, Río Minho e as Eurociudades), que representan escalas distintas pero complementarias



- Existen institucións que contan con competencias legislativas con influencias no Río Minho interesadas neste tipo de proxectos (en materia de pesca, sobre licencias de obras nas marxes dos río Minho, etc.) pero que falta información sobre iso
- Os fondos precisan de continuidade e que se proxectos ambiciosos non se fan ben é peor que non facelos. Hai que ser realistas e é mellor non facer cousas que facelas mal en relación aos proxectos xa que é importante en termos de imaxe de cara á cidadanía
- Existencia dunha clara fronteira psicolóxica no territorio ao que hai que engadir as dificultades administrativas derivadas das diferentes normativas, etc